

UNHA FELIZ CATÁSTROFE

NARRADOR 1: Antes da catástrofe a familia rato vivía nun modesto tobo dunha luxosa casa, nun barrio elegante.

NARRADOR 2: O señor Rato estaba orgulloso dos seus bigotes e da súa voz grave.

(O RATO RIE FACENDO QUE ESTIRA OS BIGOTES DE FORMA FACHENDOSA , PASEANDO POLO ESCENARIO)

RATO: JA, JA, JA!!!!

NARRADOR 1: A señora Flora era agarimosa, modesta e dócil tiña sempre a casa limpa e ordenada. E os seus fillos aseados e ben mantidos.

(APARECE A RATA CANTANDO FELIZ E LIMPANDO TODO. COS FILLOS DETRÁS ORDENADOS)

FLORA : LA, LA, LA!!!!!! ASÍ ME GUSTA, QUE SEXADES MOI BOS!

NARRADOR 2: Antes da catástrofe, os días eran monótonos no fogar da familia Rato.

NARRADOR 1: Mais sempre acababan cunha cea saborosa que a señora Flora preparaba durante TODA A TARDE. Porque o señor Rato ERA MOI ESIXENTE.

(OS FILLOS MOI ADMIRADOS DO SEU PAI)

(O RATO ESTIRANDO OS BIGOTES, CON AIRES DE IMPORTANCIA PROBA A SOPA E DI)

RATO: Flora, a isto viríalle ben un chisco de perexil picado e un chorriño de aceite de noz.

NARRADOR 2: Despois da cea o señor Rato contáballes aos seus fillos as aventuras da súa xuventude.

(O RATO MOI CHULITO PASEANDO POLO ESCENARIO)

RATO: Cando era moi novo viaxei nas bodegas dun barco pirata nel din a volta ao mundo. Puiden ver as enormes pirámides de Exipto, a gran mesquita de Istambul. E ata cheguei a Lúa, agochado na bota do astronauta Armstrong.

(FLORA TRABALLABA RECOLLENDO A MESA, MOI CALADIÑA ESCOITANDO O RELATO. CAELLE A TAPA DUNHA POTA FACENDO RUÍDO.)

(RATIÑOS MOI ENFADADOS)

RATIÑOS: SSSSSSSHT... SILENCIO, MAMÁ, QUE PAPÁ ESTÁ A FALAR!

NARRADOR 1: Antes da catástrofe, o señor Rato saía todas as mañás cara ao seu traballo.

(O SEÑOR RATO VAISE MOI APURADO)

RATO: VOUME.... VOUME... TEÑO MOITA PRESA!

(FLORA CORRE A DESPEDILO MOI AGARIMOSA)

NARRADOR 2: E todas as tardes, antes da catástrofe, regresaba ao seu fogar, canso e pensativo.

FLORA: (moi cariñosa) Que tal che foi no traballo?

RATO: QUE CANSO VEÑO!!! QUERO TRANQUILIDADE !
QUE NON ME MOLESTE NINGUEN!

(OS RATIÑOS LEVANLLE O XORNAL, AS ZAPATILLAS E A MAMÁ LEVALLE UN APERITIVO) (O RATO SENTADO NO SOFA TODO CHULITO)

RATIÑOS: "O NOSO PAI É UN GRAN RATO"!!!!!!!!!!

NARRADOR 1: Pero un día aconteceu unha grande catástrofe e nuns segundos o comfortable fogar da familia Rato quedou destruído.

(MÚSICA DE TORMENTA DE AUGA, A NAI PON A SALVO AOS RATIÑOS)

RATO: Onde estades????? Aquí hai pegadas seguireinas.
Por fin, estades aquí.

FLORA: Toma un pouco de sopa. Hoxe non poderás escoitar a radio, nin haberá aperitivo, nin zapatillas.....

FLORA: Vide comigo ratiños exploraremos os arredores en busca doutro burato.

RATIÑOS: Que divertido!!!! (o din todos) subir e baixar escadas.
Entrar e saír de cestos e caixas. Descubrir vellos mapas e xoguetes rotos. Comer e beber o que atopamos. (o di cada un)
Estas si que son verdadeiras aventuras!!!!!! Estámonos a divertir como nunca!!!!!!(todos)

FLORA: Mirade!!! unha guitarra
vou mercar "O manual do guitarrista moderno" Nancy pódesme acompañar. Que ben soa!!!!

FLORA: Toby, Teddy!!! vos podedes cantar
Xemelgas!!!! podedes bailar ao ritmo da música

NARRADOR 2: Axiña comezaron a saír sons de cancións e melodías.

NARRADOR 1: Cando regresaba o señor Rato do seu traballo, atopaba os seus fillos tan alegres que renunciou a mandalos calar.

RATO: Que ben cantades!!! Esa guitarra soa xenial!!!

NARRADOR 2: O señor Rato tamén renunciara as súas zapatillas pois perdéranse na catástrofe.

NARRADOR 1: Mais non renunciou a unha boa sopa. Así que púxose mans á obra.

(O RATO COLLE ,TODO CONTENTO, O MANDIL E PONSE A COCIÑAR. CANTANDO LA,LA,LA. E ASUBIANDO.)

RATO: Un pouco disto, un chisco de sal. Unhas herbiñas aromáticas.

(VAI PROBANDO COA CULLER) (DALLE A PROBA OS RATIÑOS)

RATIÑOS: (TODOS) Moi ben papí está moi rica!!!!

(ABRAZANSE TODOS XUNTOS)

NARRADOR 1: DENDE AQUEL DÍA AS TAREFAS DO FOGAR FANSE ENTRE TODOS.

NARRADOR 2: ASÍ TEÑEN MOITO MAIS TEMPO PARA SAÍR TODOS XUNTOS NA BUSCA DE NOVAS AVENTURAS.